

A CUESTIÓN DAS ORIXES NA HISTORIA DE GALIZA

Por Fernando PEREIRA GONZÁLEZ

Abstract: This essay will provide an account of the fabrication and development of stories about the origins of Galician people, from the Middle Ages to the nineteenth century.

Key words: Galiza, Ancient History, Historiography.

A finalidade deste artigo é presentar e analizar os principais relatos acerca dos primeiros poboadores de Galiza e sobre a orixe dos galegos que estaban recollidos na historiografía galega. O espazo cronolóxico abranguido neste estudo exténdese dende a Idade Media até o século XIX. A pesar de que practicamente non existen lendas de orixe na escasa produción historiográfica galega que precede o século XVII, será preciso ter en conta aquí aquelas mencións aos primeiros habitantes de Galiza que se poden atopar na historiografía peninsular anterior a esa centuria, xa que elas configuraron o contexto referencial básico ao que remitían as teorías verbo das orixes que foron artelladas polos autores galegos dende o XVII en diante.

Dada a limitada extensión do presente traballo non foi posíbel tratar nel todos os aspectos relativos aos relatos sobre as orixes. Así por exemplo apenas puido ser analizada aquí a cuestión dos materiais e dos métodos empregados na súa creación. En troques optouse por centrar a atención nomeadamente en amosar os trazos xerais que os caracterizaron; en observar a súa evolución ao longo do tempo, con continuidades e discontinuidades; e en indicar as posíbeis funcionalidades que puideron cumprir os distintos relatos de orixe.

1. PRIMEIROS EXEMPLOS

Durante a Idade Media aqueles eruditos que se debruzaron sobre a historia antiga da Península Ibérica chegaron á conclusión de que Tubal, o fillo de Iafet e neto de Noé, fora o primeiro devanceiro de todos os seus habitantes. Desta maneira os hispanos do pasado e do presente adquirían unha xenealoxía bíblica

que os situaba nun plano de igualdade a respecto doutros pobos coñecidos. Asentábanse así os alicerces dunha tradición verbo das orixes que foi aceptada case universalmente e que se mantivo imbatíbel até mediados do século XIX, cando foi finalmente desbotada.

A preferencia dos historiadores e dos anticuarios peninsulares por unha ascendencia bíblica, así como a longa permanencia dunha teoría sobre as orixes forxada inicialmente na época medieval, non foron de ningunha maneira unha excepción dentro do contexto da erudición histórica europea. Pola contra a insistencia nas xenealoxías bíblicas e a pervivencia duradeira das mesmas resultaron habituais nos procesos de construción da imaxinación histórica e identitaria dos diferentes pobos e estados europeos. Precisamente unha das principais angueiras dos eruditos que dende os primeiros séculos do cristianismo quixeron harmonizar o relato bíblico cos coñecementos históricos da época, os cales eran unha herdanza da Antigüidade clásica, consistiu en determinar quen foran os descendentes de Noé que deran orixe a cada un dos pobos coñecidos por entón, xa que a Biblia non podía respostar axeitadamente a esta cuestión, especialmente no que se refería ás xentes de Europa.

O xudeo Flavio Xosefo, no século I da era cristiá, foi o primeiro historiador coñecido que tentou resolver o problema das xenealoxías noádicas no seu libro *Antigüidades Xudeas*. De feito é nesa obra onde se atopa expresado por primeira vez o vencello xenealóxico entre Tubal, o neto de Noé, e os íberos (I, 6, 1). É verdade que Xosefo non deixaba claro se el se refería aos hispanos, ou se por íberos cumpría entender os poboadores da Iberia asiática. Pero o certo é que moitos autores posteriores deron por segura a relación entre os primeiros e Tubal invocando a autoridade de Flavio Xosefo. Para os historiadores da Idade Media esa relación reforzouse co apoio da opinión de autorizados escritores cristiáns, como Xerome e Isidoro de Sevilla.

Nas crónicas hispánicas medievais que trataron da cuestión das orixes achábase a mesma ascendencia noádica atribuída aos poboadores da Península Ibérica. A conexión entre Tubal e os íberos hispánicos ficou reforzada coa invención dunha teoría que pretendía explicar a transformación do nome dos primeiros habitantes da península, chamados orixinariamente Cetúbales ou «compañías de Tubal» (do latín *coetus*, «xuntanza», «asociación»), e logo celtíberos, denominación esta que se coñecía a través das fontes clásicas e que transmitiron despois autores como Orosio e Isidoro.

O probábel inventor desa teoría foi Rodrigo Jiménez de Rada no século XIII. Na súa obra *De rebus Hispaniæ* el dicía que o asentamento dos Cetúbales a carón do río Ebro fora a causa pola que os descendentes de Tubal adoptaran como parte do seu nome o nome dese río, chamado Iberus en latín (I, 3). A continuación a transformación dos celtíberos en hispanos ou españois explicábase facendo intervir o personaxe de Hispán, mítico rei da península que sucedera a Hércules no goberno da mesma (I, 5). Desta maneira aclarábase por qué as xentes

derivadas de Tubal non conservaran o nome do seu devanceiro, e ao mesmo tempo garantíase a continuidade entre Tubal, os celtíberos e os españois.

Durante a época medieval a historia primitiva de España consistiu nunha narración construída por uns poucos eruditos que incluíu o relato básico sobre as orixes, personificado en Tubal e nos Cetúbales, así como diversas historias protagonizadas por Hércules, Hispán e outros continuadores da liñaxe real hispánica. Ademais da obra de Rodrigo de Toledo, as dúas crónicas producidas a finais do século XIII polo rei Afonso X e o seu equipo de historiadores —a *Estoria de Espanna* e a *General Estoria*— contribuíron a popularizar e a consolidar esa visión do pasado hispánico máis antigo. Porén débese admitir que a lenda medieval sobre as orixes estivo escasamente desenvolvida, en comparación con evolucións posteriores.

O proceso de invención e consolidación das lendas de orixe na Idade Media non debe ser considerado como un simple pasatempo erudito. En troques ese tipo de relatos cumpriron funcións de considerábel importancia ideolóxica nesa época. En primeiro lugar eran esenciais para poder dar unha resposta satisfactoria aos interrogantes acerca da historia e da identidade dos pobos existentes. Respondían á necesidade de que cada pobo ou cada reino posuíse unha orixe diferenciada, xa se procurase esta entre os descendentes de Noé ou nos personaxes da Antigüidade clásica, aínda que o máis frecuente foi que se combinasen as tradicións bíblica e clásica. Ademais, ao se apoiaren nesas dúas tradicións, as lendas de orixe contribuían a inserir as novas entidades étnicas e políticas dentro dun contexto referencial pre-existente e cheo de significados.

O uso das xenealoxías bíblicas garantía para cada pobo unha conexión coa historia común da humanidade anterior á división producida polo diluvio e polo episodio de Babel, e tamén aseguraba a todos un futuro común dentro da historia providencialista concibida polo cristianismo. O recurso aos personaxes da tradición greco-romana ofrecía ás novas realidades políticas medievais o prestixio das civilizacións clásicas. Este prestixio non só se concibía en termos culturais, senón tamén políticos, xa que aquelas monarquías que se dicían descender dun heroe troiano (por exemplo a dos francos) podían presentarse como sucesoras naturais do poder da antiga Roma, que tamén remitía ao troiano Eneas.

As lendas de orixe acadaron unha clara funcionalidade política sobre todo a partir dos séculos XII e XIII, cando a consolidación das monarquías europeas impuxo unha progresiva uniformización do goberno e das leis de amplos territorios poboados por xentes diversas. Entón tirouse partido de lendas que afirmaban a descendencia común de todos os habitantes do reino, para así crear e reforzar un sentimento de comunidade na que o político (o poder real) coincidise co «natural» (unha mesma descendencia) (REYNOLDS, 1983).

No caso hispánico a lenda de orixe centrada en Tubal e nos Cetúbales sen dúbida cumpriu as mesmas funcións referidas, aínda que cómpre salientar o feito importante de que o mesmo mito de orixe foi adoptado polos diversos reinos peninsulares. As crónicas redixidas durante a Idade Media nos reinos de Castela

e León, de Portugal ou de Aragón, comezaban dando conta de Tubal e dos Cetúbales como primeiros poboadores da península, e logo relataban os feitos de Hércules e dos seus sucesores¹. A historia primitiva común só daba paso ás historias diferenciadas de cada reino cando se narraban épocas posteriores.

A partir do século XVI a representación da historia primitiva de España experimentou grandes transformacións como resultado das novas concepcións historiográficas introducidas pola erudición humanística. Algunhas das lendas medievais foron rexeitadas, entre elas aquelas relacionadas con Hércules. Porén Tubal seguiu a ser elixido como o antepasado primixenio dos españois, por máis que os Cetúbales desapareceron axiña porque xa non se aceptou a explicación lingüística que xustificaba a súa existencia.

Ao mesmo tempo a lenda das orixes resultou ampliada con novas achegas. Por unha banda especulouse acerca dos xeitos de vida dos poboadores orixinais da península. A maior parte dos anticuarios da Idade Moderna concluíron que os primeiros españois gozaran dunha civilización avanzada, formando sociedades complexas caracterizadas pola posesión de monarcas, leis escritas, ciencias e artes, e mesmo cunha relixión monoteísta herdada do propio patriarca Noé. Soamente nuns poucos casos era posíbel dexergar unha visión oposta que caracterizaba os españois orixinais como salvaxes atrasados, por exemplo na *Historia General de España* de Juan de Mariana.

Por outra banda o personaxe de Tubal ficou inserido dentro das monarquías hispánicas inventadas polo italiano Annio de Viterbo a finais do século XV. Deste xeito o neto de Noé converteuse no primeiro rei dunha longa lixte de monarcas que ocupaban a historia de España dende o ano 2174 antes de Cristo até que os cartaxineses e despois os romanos se facían donos da península. A *Coronica General de España* de Florián de Ocampo (1543) recolleu e ampliou o relato fornecido por Annio de Viterbo, ofrecendo unha imaxe bastante completa da antiga historia peninsular, e nese eido foi obra de referencia até o século XVIII.

Cal foi o lugar ocupado por Galiza nos relatos sobre as orixes artellados con anterioridade ao século XVII? Contaron os galegos con lendas de orixe particulares? A resposta a esta última pregunta non pode ser definitiva, dada a probábel perda de crónicas propias que narraban a historia do reino de Galiza. Porén coa información dispoñíbel hoxe, procedente da historiografía peninsular coñecida, pódese dicir que os galegos compartiron a ascendencia hispánica común derivada do devanceiro Tubal, se ben tamén se lles atribuíron algúns trazos particulares.

En primeiro lugar, algunhas crónicas medievais afirmaron expresamente que os primeiros habitantes da Galiza, chamados *galacios* ou *gallicios*, foron des-

¹ Por exemplo a denominada *Crónica de Castilla*; a portuguesa *Crónica Geral de Espanha*; e a *Grant Cronica de Espanya* de Juan Fernández de Heredia, conselleiro do rei Pedro de Aragón.

cedentes directos dos Cetúbales e polo tanto de Tubal². Dado que se supuña que os grupos de Cetúbales espaxados por toda a península tiñan nomes diferentes, e que deses nomes derivaron despois as denominacións das terras que ocuparon, deducíase que o nome de Galiza proviña dos *galacios* que poboaran por primeira vez o seu territorio.

Esta era unha teoría que defendía a orixe común de todos os habitantes da península. Pero existiron igualmente outros argumentos que destacaban os particularismos. Por exemplo nas *Etimoloxías* de Isidoro de Sevilla, malia que Tubal se convertía no antepasado de todos os hispanos, tamén se lle atribuíu aos galaicos unha ascendencia helénica, seguindo as palabras do historiador latino Xustino (IX, 2, 111). O mesmo Isidoro ao explicar a etimoloxía do nome dos galaicos a partir do grego *gála* («leite»), por mor da brancura da súa pel, introducía implicitamente unha posíbel conexión cos galos celtas habitantes da Galia, o nome dos cales explicaba tamén coa mesma etimoloxía (IX, 2, 104, 110).

A aplicación da lenda medieval de Hércules ao territorio galego resultaba igualmente na constatación de certos particularismos. De acordo con Rodrigo de Toledo e con Afonso X, o heroe grego viaxara a España en compañía dunhas xentes procedentes da Galacia, chamados Gálatas. Logo de derrotar a Xerión, Hércules asentou os Gálatas na terra galega, adoptando esta o nome de Galiza, quer polos seus novos poboadores (*De rebus Hispaniæ* I, 4), quer polo lugar de procedencia destes (*Estoria de Espanna* 7, 5-8, fol. 6r). Este episodio das accións de Hércules ofrecía unha explicación do poboamento de Galiza e do nome do país na que non se mencionaban os *galacios*. Aparentemente funcionaba como outra lenda de orixe da poboación galega na que se salientaba a procedencia particular dos galegos a partir de xentes vidas da Galacia oriental. Todo o relato referido aos feitos de Hércules en Galiza amosaba a fasquía dunha lenda de orixe, xa que o heroe grego aparecía como o responsábel da fundación dalgúns dos trazos característicos do reino: a súa denominación; os seus habitantes; unha das súas cidades principais (A Coruña); e unha das súas marabillas artificiais (a torre ou faro da Coruña).

Na historiografía española do século XVI, a pesar do protagonismo que adquiriu Tubal en calidade de devanceiro de todas as xentes hispánicas, tamén era posíbel atopar mencións ao poboamento particular de Galiza. Sen dúbida a máis importante era a noticia que atribuíu a fundación da vila de Noia ao patriarca Noé, o avó de Tubal. A fonte inmediata desta noticia eran os *Commentaria* de Annio de Viterbo, quen falara de dúas colonias fundadas en España por Noé: Noelas e Noeglas (fol. 291v). Pero correspondeu a Nebrija, Ocampo e outros anticuarios españois do XVI, a identificación definitiva de Noelas con Noia. A noticia foi aceptada por algúns escritores galegos na centuria seguinte, xa que a

² Cf. *Estoria de Espanna* (3, 37-40, fol. 4r) e *Crónica Geral de Espanha* (4, 28-30, fol. 3c).

idea dunha fundación noádica en Galiza supuña asignarlle unha considerábel antigüidade ao poboamento do país.

Pola súa vez Florián de Ocampo, a pesar de que na *Coronica General de España* se fixo eco desa fundación noádica, sostivo tamén que os gregos foron os primeiros habitantes de Galiza, case mil anos despois de que Tubal entrase na península. Na súa *Coronica* a poboación galega adquiría unha ascendencia particular, mestura de gregos e de galos celtas. De aí o nome orixinal do país, Galogrecia, trocado logo en Galiza. Porén o feito de que Galiza ficase en inferioridade a respecto da maior antigüidade doutras rexións peninsulares constituíu un serio atranco para que a tese de Ocampo fose aceptada na historiografía galega.

Finalmente cómpre salientar que estes relatos particularistas non tiveron ningunha intencionalidade diferenciadora. En ningún caso foi o seu obxectivo sementar dúbidas sobre a común ascendencia dos galegos e do resto da poboación peninsular. Consistiron, en troques, en especulacións acerca do pasado hispánico feitas a partir dos materiais dispoñíbeis (fontes clásicas e etimoloxías).

2. RELATOS DE ORIXE NO SÉCULO XVII

Foi a partir desta centuria cando comezaron a aparecer na historiografía galega relatos de orixe propiamente ditos³. Isto debeuse a que neste período se produciu en Galiza un desenvolvemento historiográfico considerábel, manifestado na produción dun bo número de obras acerca da historia do país nas que se trataba a cuestión das orixes. Pero tamén se explica porque os devanditos relatos cumpriron importantes funcións ideolóxicas no contexto da época, como se verá máis adiante.

O primeiro trazo que merece ser destacado nestes relatos é o recurso ás xenealoxías noádicas. Evidentemente isto non foi algo privativo do caso galego, senón que se trataba dunha característica compartida por todo o imaxinario histórico europeo. Porén un feito salientábel na historiografía galega do XVII foi que algúns autores sentiron a necesidade de conceder á poboación de Galiza unha ascendencia noádica propia, diferente da do resto das xentes peninsulares: o personaxe elixido nese caso en substitución de Tubal foi Gomer, outro neto de Noé e fillo de Iafet, e que tradicionalmente se viñera considerando como o devanceiro dos gálatas ou galos⁴.

³ Hai que sinalar no século anterior a excepción da *Descripcion del reyno de Galizia* de Bartolomé Sagrario de Molina (1550), na que se apuntaba que os primeiros poboadores de Galiza foron os *galacios*, que procedían de Tubal, o devanceiro común dos españois (fol. IIIr). Polo tanto Molina seguía a opinión emanada da *Estoria de Espanna* de Afonso X.

⁴ A conexión de Gomer con Galiza foi imaxinada como consecuencia das etimoloxías medievais que relacionaran os nomes dos galegos e de Galiza cos galos e cos gálatas, por medio da etimoloxía isidoriana (galegos/galos/*gála*) e da lenda de Hércules aplicada a Galiza.

Os anticuarios que defenderon unha descendencia a partir de Gomer —Mauro Castellá Ferrer, Baltasar Porreño, os irmáns Boán e Juan Álvarez Soutelo— non podían invocar como proba da súa opinión a autoridade dunha longa tradición erudita, como si podían facer aqueles que seguiron sinalando a Tubal como o devanceiro de todos os españois, incluídos os galegos. En troques os valedores de Gomer basearon a súa argumentación en criterios lingüísticos, xa que eles creron atopar as pegadas do seu nome e do nome dos seus primeiros descendentes (Gomeritas ou Gomarenses) en certos topónimos da xeografía galega. Así por exemplo Mauro Castellá, na súa *Historia del Apóstol de Iesus Christo Santiago Zebedeo* (1610), presentaba a teoría de que topónimos como Gondomar, Gomar ou Gomariz eran testemuños de que Gomer fora o fundador da poboación de Galiza (fol. 137r-139v). Igual argumento foi defendido por Porreño e por Álvarez Soutelo.

Para todos estes autores Gomer debía de ser considerado como o devanceiro particular do galegos, namentres que a Tubal se lle atribuíra soamente o poboamento do sur e do leste da península. Nalgúns casos imaxinouse que Gomer e Tubal chegaran ao mesmo tempo ao territorio hispánico, e que cada un comezara a poboa de maneira simultánea as zonas que lles corresponderon. Esta era a opinión expresada na *Historia de Galicia* dos irmáns Boán (pp. 18-22). Pero o xesuíta Juan Álvarez Soutelo, na súa *Historia General del Reyno de Galicia*, preferiu imaxinar que Gomer chegara á terra galega nove anos antes de que Tubal entrase en España. E por iso podía gabarse de que Galiza foi o primeiro territorio hispánico habitado pola descendencia de Noé (fol. 14r-15v). De feito este era un dos títulos de distinción que o reino de Galiza podía presentar a proi da súa primacía sobre o resto das terras de España.

Aqueles que defenderon a pertenza dos galegos á liñaxe de Tubal non se contentaron con reafirmar a común orixe de todos os habitantes da península, senón que tamén procuraron demostrar a prioridade dos galegos sobre o resto. Neste sentido enténdese que Joseph Bugarín, na súa *Historia del Apostol Santiago*, sostivese que Tubal habitou primeiramente en terra galega, sendo o primeiro rei de Galiza, e que o seu corpo se encontraba soterrado perto de Compostela (fol. 67r-74r). Tamén Atanasio Lobera na súa *Coronica grande del reyno de Galicia* dicía que Tubal elexira como residencia preferente o territorio galego, sendo este o máis axeitado para a vida pastoral dos primeiros poboadores da península (fol. 18v-19r).

En ocasións a presenza de Gomer ou de Tubal complementábase coa do propio patriarca Noé. Juan Pallares Gaioso, Lobera e os irmáns Boán coidaban que Noé fundara a vila de Noia (Noela), e estes últimos ademais engadían ás fundacións de Noé a cidade de Ourense e outros lugares de Galiza. En xeral pensábase que Noé viñera a Galiza para completar e reforzar o labor xa encetado polos seus netos: poboaando o país con novas colonias e cidades; introducindo novos coñecementos (agricultura, astroloxía, artes liberais); e vixiando que se cumprisen estritamente os preceptos morais e relixiosos que impuxera a toda a

súa descendencia (non adorar falsos deuses, non matar, non roubar, etc.). Porén a figura de Noé foi pouco aproveitada polos anticuarios galegos da época, e mesmo algúns negaron expresamente a súa presenza en Galiza.

Mais, independentemente de cal fose a preferencia de cada autor en relación coas xenealoxías noádicas, as representacións que deixaron todos eles verbo da primeira poboación do país foron moi semellantes. Pódese dicir que a visión das orixes recollida na historiografía galega do XVII xiraba ao redor de tres ideas-forza: antigüidade, *primitivismo* e continuidade.

Polo que atinxe á cuestión da antigüidade, o poboamento orixinal de Galiza adoitou ser datado en máis de dous mil anos antes do comezo da era cristiá: contra o ano 2100 (Benito Vázquez), 2150 (Álvarez Soutelo), 2161 (Lobera), ou 2170 (Boáns). Isto supuña asignar ao primeiros galegos unha antigüidade considerábel, tendo en conta que nos cálculos cronolóxicos habituais a creación da humanidade se situaba uns seis mil anos antes de Cristo. Cómpre ter en conta ademais que na cultura da Europa moderna a antigüidade aparecía como un importante factor de prestixio —máis antigo equivalía a máis valioso ou máis auténtico— do que se podían facer derivar privilexios de primacía, ficticios ou reais. No caso galego a grande antigüidade da súa poboación servía para reivindicar a primacía do reino de Galiza sobre as outras rexións peninsulares, un argumento que resultaba esencial á hora de revalorizar o papel de Galiza dentro da historia de España. Esta foi unha preocupación que estivo sempre presente na historiografía galega da época (BARREIRO FERNÁNDEZ, 1988).

O recurso das xenealoxías noádicas resultaba ser unha garantía para que a Galiza se lle concedese a antigüidade desexada. Pero ademais grazas a elas, remontando dende Tubal ou dende Gomer até Noé, e dende este deica Adán, era posíbel establecer unha relación entre a historia galega e a historia primitiva da humanidade anterior ao Diluvio Universal, tal e como se narraba na Xénese. Este vencello era moito máis evidente naquelas obras sobre a historia de Galiza que comezaban relatando a creación do mundo e do ser humano: por exemplo a dos irmáns Boán e o *Compendio Historial de Galicia* de Pedro Santa María Ulloa.

O *primitivismo* implicaba a defensa dunha visión positiva e idealizada da humanidade no tempo das orixes. E iso era o que se achaba na historiografía en relación coa vida dos primeiros galegos. Esta concibíase en termos dunha existencia pura e sinxela, como correspondía a uns descendentes directos de Noé, pero tamén se quería demostrar que posuíran unha civilización avanzada. A súa subsistencia baseábase na gandería e na recolleita de froitos silvestres, e despois na agricultura. A sociedade estaba rexida por leis naturais de procedencia divina e era gobernada pola autoridade patriarcal de Tubal, Gomer ou Noé. En ocasións ese goberno patriarcal imaxinábase como unha auténtica monarquía, fundada por Tubal e continuada pola súa descendencia (Joseph Bugarín, Pedro Santa María Ulloa). Ademais os galegos orixinais xa coñeceron a escritura, a astroloxía e as

artes liberais, que lles foran comunicadas por Noé, consonte Atanasio Lobera (fol. 20v).

Pero nesa existencia primordial destacaba sobre todo o monoteísmo dos galegos, ao seren eles depositarios da relixión patriarcal que recibiran do seu devanceiro noádico, e que proviña do mesmo Adán, pois fora a que lle transmitira Deus no Paraíso. Polo tanto moito antes da introdución do cristianismo en Galiza os galegos xa foran monoteístas. E a firmeza destes na conservación das doutrinas patriarcais anunciaba que amosarían a mesma firmeza na defensa e no espallamento da fe cristiá, como demostrarían ao longo da historia.

A clave que explicaba esa existencia idealizada atopábase na idea da ascendencia noádica dos galegos. Porque Noé, Tubal ou Gomer actuaran como os míticos heroes fundadores que crearan e organizaran a civilización primixenia do país⁵.

Por último a continuidade era outro factor de grande importancia nas lendas de orixe galegas, porque completaba e reforzaba o prestixio fornecido pola antigüidade e polo *primitivismo* noádicos. A continuidade garantía que os trazos positivos da poboación orixinal de Galiza se transmitisen de xeito permanente á súa posteridade futura, até chegar aos tempos presentes.

A continuidade podía manifestarse na permanencia de institucións fundadas polo devanceiro noádico. Por exemplo algúns anticuarios, como Joseph Bugarín e Pedro Santa María Ulloa, insistiron en que Galiza nunca deixara de ser un reino dende que a monarquía fora instaurada no seu territorio por parte de Tubal. Con monarcas naturais ou foráneos, como Brigo, Xerión ou Gatelo; con reis poderosos ou con pequenos «régulos»; como reino independente ou sometido a outros poderes... o reino de Galiza fora sempre unha realidade. Disto concluíase non só que Galiza foi o primeiro reino fundado en España, senón tamén que era o único que levaba en existencia dende o tempo das orixes.

A continuidade demostrábase tamén na permanencia da poboación orixinal, a pesar da entrada de xentes estranxeiras no territorio galego. E sobre todo amosábase na perseveranza de certos trazos do carácter galaico que remitían aos galegos aborixes.

Todos os anticuarios do século XVII estaban convencidos de que os habitantes actuais de Galiza procedían das xentes que, milleiros de anos atrás, viñeran con Tubal, Gomer ou Noé. Este convencemento ficaba implícito no feito de se referiren á poboación orixinal coa simple denominación de «galegos», sen ningún outro cualificativo étnico. Lobera especulaba que esa salientábel continuidade de poboación se debía ao isolamento a respecto doutras terras, e a que o número de

⁵ É certo que a visión *primitivista* das orixes resultaba ás veces contestada pola presenza dalgúns elementos *anti-primitivistas*, mediante os cales se daba unha representación dos primeiros galegos en termos negativos: xentes atrasadas e de carácter salvaxe, reformadas posteriormente pola súa conversión ao cristianismo. Así acontecía nas obras de Benito Vázquez e de Juan Álvarez Soutelo, en contradición coa orientación *primitivista* xeral que elas tamén adoptaban.

estranxeiros que entraran en Galiza fora escaso, por mor das poucas riquezas cobizábeis do seu territorio e pola sona de valentía dos seus habitantes (fol. 10v-11r). El coidaba ademais que o tipo de poboamento característico dos primeiros habitantes, con casais espaxados por montes e vales, era o que se seguía conservando na Galiza actual (fol. 20r).

A continuidade da poboación aseguraba especialmente a permanencia das características propias da maneira de ser dos galegos, as cales se viñeran mantendo constantes dende o tempo das orixes. Tres eran os trazos dos galegos destacados máis frecuentemente polos autores do XVII: valentía, enxeño e relixiosidade. A valentía e a afouteza guerreira dos galegos manifestárase invariabelmente no decurso da historia. De aí que o seu reino nunca fora conquistado e que eles sobrancearan sempre nos feitos de armas, até o punto de os romanos representaren simbolicamente Galiza na figura dunha muller guerreira armada de escudo, lanza e frechas.

O enxeño e maila capacidade intelectual eran virtudes compartidas dende un comezo por todos os habitantes do país, mesmo por aqueles que carecían de instrución, tal e como recoñecía Atanasio Lobera (fol. 13v). E isto facía dos galegos persoas especialmente dotadas para o exercicio das letras e das artes. En ocasións esta capacidade púñase en relación coa bondade do clima do país e coa alimentación dos seus habitantes, que consistía en leite, mel, manteiga e froitas (Lobera, fol. 13v).

Finalmente, a relixiosidade galega constituíu na historiografía do XVII un *topos* repetido de maneira constante, expresado a través das alusións habituais ao monoteísmo patriarcal dos primeiros poboadores, á rápida conversión ao cristianismo, e ao rexeitamento instintivo dos galegos contra as herexías, os xudeos e os musulmáns.

A caracterización dos devanceiros completábase coa reivindicación para eles e para a posteridade do título de «nobreza natural», é dicir, innata e universal, a concesión do cal non dependía da vontade dun monarca. Era este un privilexio que merecían pola pureza da súa ascendencia noádica e polas súas virtudes naturais. Algúns autores ollaban as causas desa nobreza no feito de que Galiza estivo habitada primeiramente por Tubal, Noé e os homes máis principais do seu tempo (Lobera, fol. 14v, 18v). En troques outros preferiron pensar que a nobreza dos galegos era un dereito adquirido por primoxenitura, ao seren descendentes de Gomer, o fillo vinculeiro de lafet, pola súa vez o primoxénito de Noé (Álvarez Soutelo, fol. 44v-45r). Mais todos coincidían en afirmar que a nobreza galega era a primeira de España, pola súa orixe, antigüidade e virtudes, e que dela procedían moitas das liñaxes nobres existentes na península.

Polo tanto a representación da poboación orixinal do país que resultaba de todo isto era altamente positiva. Ademais o carácter esencialista da representación implicaba que os galegos actuais compartían as mesmas virtudes dos lonxincuos devanceiros. Por suposto, esa imaxinada continuidade esencialista só se conse-

guía asignándolle aos primeiros poboadores aquelas virtudes que se querían para os galegos do presente.

A pesar de que o discurso acerca dos primeiros poboadores foi escaso, fragmentario e asistemático, e de que ocupou un lugar secundario dentro da historiografía galega do século XVII, cómpre recoñecer que os anticuarios da época crearon un conxunto de lendas de orixe que viñeron encher o baleiro deixado nas centurias precedentes. A partir de entón o reino de Galiza adquiriu unha historia primitiva de seu, con devanceiros fundadores, monarcas propios e habitantes primixenios que levaban unha existencia exemplar. Grazas a isto Galiza situábase simbolicamente ao mesmo nivel ca outros pobos e reinos europeos, pois obtiña unha liñaxe propia dentro da posteridade noádica e mesmo reclamaba para si un protagonismo sobranceiro no contexto dunha historia providencialista⁶.

Os relatos da orixe dos galegos estaban fabricados a partir de materiais diversos, pero sobre todo inspirábanse na historia primitiva de España que se fora artellando ao longo do século XVI. Alí achábanse tamén os mesmos elementos que adoptaría na centuria seguinte o discurso sobre as orixes desenvolvido polos anticuarios galegos: os mesmos personaxes (Tubal, Noé, o rei Brigo); idénticos motivos (xenealoxías noádicas, grande antigüidade, monoteísmo patriarcal); e a mesma valoración positiva e idealizada da sociedade primordial, incluído o importante factor de continuidade entre o pasado e o presente (esencialismo). De feito pódese dicir que as lendas galegas xurdiron como resultado dunha aplicación e adaptación particulares do material xa usado na invención das orixes de España, por máis que os anticuarios galegos tamén souberon engadir elementos relativamente novidosos, como o personaxe de Gomer ou a lenda de Gatelo.

Mais esta dependencia a respecto das *antigüidades* hispánicas implicaba igualmente a posibilidade de tirar partido daqueles elementos que máis conviñan para a historia galega. De aí o interese por amosar a Tubal ou a Brigo, reis de toda España consonte Anio de Viterbo e Ocampo, como monarcas particulares de Galiza. No mesmo sentido cómpre entender o emprego interesado que fixo a historiografía galega dun modelo interpretativo do pasado peninsular presente nos anticuarios españois da época moderna, e que consistía en sinalar o contraste que

⁶Tendo en conta a súa posición xeográfica, algúns autores do XVII cualificaron a Galiza de «cabeza» de España, de Europa e do mundo, e relacionaron isto cunha suposta predilección da divindade pola terra galega: ela fora escollida por Deus para ser a destinatária da predicación do apóstolo Santiago, e por ese motivo convertérase no primeiro reino cristián do orbe. Na *Historia del Apóstol Santiago*, Joseph Bugarín insistía en que a divindade decidira dende un comezo o importante papel que xogaríaa Galiza dentro da Cristiandade. E sostiña que Deus revelara a Tubal, primeiro poboador do territorio galaico, o futuro destino deste como berce do cristianismo hispánico. Para Bugarín, Tubal era o precursor que agoiraba a vinda do apóstolo: así como Santiago levou a cabo a «restauración» espiritual de España dende Galiza, Tubal encetara a «restauración» material ao poboar a península comezando por Galiza. Ademais a tumba de Tubal achábase perto da cidade onde se gardaba o corpo de Santiago (fol. 66v-74v).

existiu entre as rexións setentrionais e meridionais da península no decurso da historia.

De acordo con este modelo as xentes meridionais imaxinábanse máis civilizadas, pero tamén «contaminadas» polo contacto e as mesturas con diversos pobos estranxeiros. Pola contra os poboadores do norte aparecían como posuídores dunha cultura simple, pero grazas ao seu isolamento souberan conservar intactas as esencias españolas (valentía, independencia, vida sinxela, relixiosidade). De feito as xentes setentrionais non só se mantiveran afastadas das colonias orientais, fenicias e cartaxinesas, que se asentaran no sur, senón que tamén loitaron afoutamente contra os romanos, os cales nunca chegaron a conquistalos totalmente. E, o máis importante, foron os habitantes do norte quen liberaron España do dominio musulmán encistado no sur peninsular⁷.

Os escritores galegos do XVII aproveitaron este modelo pre-existente para mellor destacar a posición sobranceira que ocupaba Galiza dentro da historia de España: primeiro reino peninsular, os habitantes do cal mantiveron intactas as virtudes orixinais pola inexistencia de mesturas con estranxeiros; territorio inconquistado grazas á valentía dos seus naturais; berce do cristianismo hispánico e punto de partida da guerra de reconquista contra os mouros; viveiro da nobreza peninsular; terra de cristiáns vellos, sempre libre de herexes, xudeos e musulmáns. Todas estas ideas conformaron a estrutura argumental básica que subxacía nas representacións do pasado galego contidas na historiografía deste século.

Cales eran as funcións que cumpriron no seu momento os relatos de orixe descritos neste apartado? Verbo disto hai que dicir que, alén de satisfaceren a necesidade básica de fornecer unha explicación histórica sobre a orixe dos galegos e sobre as épocas máis antigas do país, a súa utilidade principal foi a de serviren como alicerce do discurso apoloxético desenvolvido pola historiografía, xa que todas as opinións favorábeis a Galiza que se rexistraron no parágrafo anterior atopaban unha explicación última nas representacións acerca dos primeiros poboadores.

Efectivamente, a grande antigüidade da poboación, así como a existencia de reis entre os primeiros galegos, constituían as realidades históricas que permitían defender a opinión de que Galiza era o primeiro e máis antigo reino peninsular. A valentía dos devanceiros e a continuidade da poboación no territorio eran os factores que explicaban a permanencia do reino ao longo do tempo, nunca dominado totalmente polos estranxeiros. A relixiosidade e as virtudes morais dos galegos orixinais eran as razóns polas cales Galiza se constituíra no berce do cristianismo hispánico e na defensora por excelencia da fe católica contra os seus inimigos. Estas dúas causas xustificaban igualmente a presenza do apóstolo Santiago predicando en terras galegas, fundando igrexas e consagrando os primeiros bispos. O concepto de «nobreza natural» reivindicado para os descen-

⁷ Sobre a presenza deste modelo interpretativo na historiografía española dende o século XVI até o XX, véxase WULFF (2003).

dentes de Tubal ou de Gomer axudaba a comprender por qué tantas familias da nobreza española e portuguesa tiñan unha ascendencia galega. Finalmente o feito de que Galiza se presentase na historiografía como unha terra de santos e de guerreiros atopaba a súa razón última na relixiosidade e na valentía da poboación primixenia.

Polo demais a apoloxía do reino de Galiza realizada polos escritores do XVII, dentro da cal as lendas de orixe eran un elemento clave, respondía a necesidades ideolóxicas moi concretas. En primeiro lugar facíase necesario contrarrestar un imaxinario social que resultaba moi desfavorábel para Galiza e os galegos, tal e como se manifestaba na literatura castelá dos séculos XVI e XVII. Alí falábase de Galiza como un país pobre e de clima ruín, habitado por xentes miserentas, suxas e ignorantes, ademais de seren desconfiadas, argallantes e mentireiras (BARREIRO FERNÁNDEZ, 1988; CARAMÉS MARTÍNEZ, 1993). Por iso a historiografía insistiu en presentar unha imaxe totalmente positiva do país, moi afastada dos estereotipos negativos existentes alén das súas fronteiras. Ao mesmo tempo precisábase salientar os valores da nobreza galega, nun momento en que esta procuraba achar un lugar na Corte castelá, dentro dun estado que tendía á centralización. De aí que unha boa parte da historiografía estivese destinada a reafirmar as virtudes desa nobreza: moi antiga, moi valente e de sangue puro non contaminado por xudeos ou musulmáns. A defensa das tradicións xacobeas, e por extensión dos privilexios da sé compostelá, foi outra das prioridades dos escritores galegos da época (REY CASTELAO, 1985).

A visión apoloxética estaría destinada igualmente a xustificar e a favorecer dúas xestións levadas a cabo pola Xunta do Reino: a obtención do voto nas Cortes para Galiza, que por entón estaba representada nelas por Zamora; e a adquisición do título de «fidalguía universal» para os seus habitantes, solicitado pola Xunta en 1642 como recoñecemento dos servizos prestados polos galegos á monarquía española. Tendo isto en conta non pode ser casualidade que a propia Xunta decidise crear en 1654 o posto de cronista oficial do reino, quen tería como tarefa rexistrar os feitos memorábeis da historia do país⁸.

Por último é preciso insistir en que a fabricación de relatos de orixe propios no século XVII non respostou á intencionalidade de afastar os galegos da poboación de España. Pola contra a súa razón de ser foi a de prestixiar Galiza por riba doutras terras hispánicas. En concreto a preferencia por unha xenealoxía noádica diferente para os galegos —Gomer en troques de Tubal— non tivo por obxectivo perpetrar unha imaxinaria separación a respecto da España tubaliana, senón que con ela se procuraba afirmar a primacía de Galiza sobre o resto de España.

Pero con isto se estaba a reivindicar asemade a primacía de España sobre as outras monarquías europeas, dado que se argumentaba que os reis españois ao

⁸ Acerca do carácter apoloxético da historiografía galega na época moderna e das funcionalidades da mesma, véxase BARREIRO FERNÁNDEZ (1988), ELÍAS de TEJADA (1966) e REY CASTELAO (2003: 648-649). Sobre a creación do posto de cronista oficial do reino cf. EIRAS ROEL (1999).

seren tamén reis de Galiza adquiriran todas as prerrogativas que se lle podían asignar a esta por ser o primeiro reino cristián do orbe. Xa que logo os privilexios obtidos simbolicamente polas orixes particulares tamén estaban postos ao servizo dunha causa española xeral.

3. SÉCULO XVIII: CUESTIONAMENTO DAS ORIXES

A pesar da importante función xogada polos relatos de orixe dentro da concepción da historia de Galiza, aqueles non estaban libres de eivas ou de inconvenientes. As máis importantes eran o carácter fragmentario dos mesmos e o seu escaso desenvolvemento; a falta de acordo entre os anticuarios sobre a cuestión do devanceiro noádico; e a existencia de contradicións internas, manifestadas na presenza de motivos *anti-primitivistas* ou de opinións que cuestionaban a visión esencialista habitual, ao recoñecerse o influxo negativo de xentes estranxeiras sobre os primeiros poboadores. Pero non foron estas eivas as que provocaron que durante o século XVIII un conxunto significativo de anticuarios galegos rexeitasen as lendas artelladas na centuria anterior.

As causas dese rexeitamento deben de ser procuradas, en troques, no cambio de actitude que tivo lugar nesa centuria en toda Europa a respecto das investigacións históricas e da consideración das épocas máis antigas do pasado. En xeral pódese falar do xurdimento dunha historiografía máis crítica e esixente á hora de estudar a historia antiga, e polo tanto menos disposta a admitir como certas as lendas de orixe herdadas de autores anteriores. Na opinión de moitos anticuarios do XVIII a historia primitiva dos pobos e o tempo das orixes eran «idades escuras», o coñecemento das cales resultaba ser forzosamente incompleto e imperfecto, por máis que estas limitacións debían aceptarse e non tentar encher os baleiros históricos con fábulas.

Porén os efectos desta nova actitude crítica víronse limitados tanto pola xeralizada aceptación do relato bíblico como guieiro para seguir falando dos comezos da humanidade (e iso incluía o uso das xenealoxías noádicas); como pola opinión habitual de que as fábulas históricas agochaban un fondo de verdade que podía ser descuberto no caso de seren interpretadas axeitadamente.

Na historiografía galega a postura crítica verbo dos relatos de orixe estivo representada nomeadamente por frei Martín Sarmiento e por Joseph Cornide, importantes anticuarios que nalgúns dos seus escritos se ocuparon do pasado galego. Tamén, en menor medida, por Francisco de la Huerta Vega e por Antonio Rioboo Seixas. Pero a continuidade das lendas aínda atopou un lugar nas obras de Jacobo Castro, Bernardo Herbella Puga e, sobre todo, Pascasio Seguín.

O cuestionamento dos relatos de orixe non foi total. A ascendencia noádica da poboación galega, elemento central dos mesmos, non foi negada por ningún autor do século XVIII. Mais o tratamento desta cuestión resultou ser moi diferente do da centuria anterior. En primeiro lugar, a alternativa de Gomer como devanceiro

particular dos galegos desapareceu case por completo. Unicamente Pascasio Seguín semellaba aceptar a liñaxe gomeriana dos galegos na súa obra *Galicia Reyno de Christo Sacramentado* (1750), aínda que tamén podía admitir que Tubal fose o primeiro poboador de Galiza, e despois do resto de España (pp. 170-173, 373). O resto dos que escribiron sobre a cuestión das orixes atribuíron aos galegos o mesmo antepasado noádico que correspondía a todos os habitantes da península: Tubal, ou quizais Tarxix, fillo de laván e neto de lafet. Así o recoñeceron Huerta Vega, Herbella Puga e Cornide, namentres que Rioboo Seixas optaba expresamente por facer de Tarxix o devanceiro dos galegos e de todos os españois na súa *Descripcion Chorographica, y topographica antigua de el Reino de Galicia* (fol. 1r-2v).

Pero a característica que mellor distinguíu o tratamento das orixes no XVIII, e que afastaba este das lendas do XVII, foi a reticencia dos anticuarios a dar detalles acerca da vida e do carácter dos habitantes orixinais de Galiza. Unha cousa era admitir que os galegos, como toda a humanidade, proviñan da descendencia de Noé, xa que a Biblia seguía a conservar a súa autoridade como fonte histórica. Pero para eles outra cousa moi distinta era permitirse especular sobre a data da chegada de Tubal á península, sobre que terras ocupara primeiro e que cidades fundara, ou sobre que existencia levaran os primeiros galegos. A este respecto as diversas actitudes eran moi significativas.

No primeiro volume dos *Anales de el Reyno de Galicia* (1733), Huerta Vega comezaba a historia de Galiza a partir da conquista romana, negándose a dicir nada sobre os tempos escuros anteriores, alén de afirmar a común descendencia noádica de todos os españois (pp. 15-16). Cornide no traballo titulado *De los Primeros Pobladores de Galicia* só dicía que os primeiros poboadores da península chegaran a ela por terra douscentos anos despois do Diluvio Universal, e sostiña que Galiza fora habitada algún tempo despois, por estar situada no extremo occidental. Nada dicía verbo dos seus xeitos de vida, crenzas, organización, etc. Pola súa vez Martín Sarmiento recoñecía que o único que se podía saber acerca da poboación primixenia era que derivaba de Noé. O resto dos interrogantes sobre a chegada, asentamento no territorio ou goberno, eran de imposíbel resposta, porque o pasado lonxincuo sería sempre tan ignoto como o futuro (cf. a *Censura del R. P. F. Martin Sarmiento al Tomo primero de la obra España Primitiva*, fol. 318v-319v).

Soamente en autores como Castro, Seguín e Herbella Puga aparecían de novo as lendas que falaban da presenza de Noé en Galiza, da fundación de Noia por Noé ou Tubal, e dos reis galegos Brigo e Gatelo. Pero nos outros anticuarios da época esas historias estaba ausentes, ou ben eran rexeitadas expresamente.

Outro elemento que fora propio dos relatos de orixe da centuria anterior, a relixión patriarcal dos galegos, aínda podía ser descuberto no XVIII. Huerta e Rioboo Seixas dicían que nun principio todos os españois viviron de acordo cos preceptos da lei natural herdada de Noé, pero que o paso do tempo e a mestura

con nacións estranxeiras causaran finalmente que se adoptasen crenzas e prácticas idolátricas. Seguín, máis imaxinativo nesta cuestión, aseguraba que fora o mesmo Noé quen inculcara nos galegos o monoteísmo patriarcal, e engadía que xa antes do nacemento de Cristo os galegos usaron como emblema particular o signo da cruz (pp. 192-200).

Foi frei Martín Sarmiento quen se atreveu a desbotar expresamente esa convicción tan habitual, sostendo en troques que os habitantes orixinais de Galiza foron pagáns que adoraban o sol e a Marte, o deus da guerra, se ben recoñecía que non empregaban ídolos ou imaxes das divindades⁹.

Curiosamente tamén foi Sarmiento —o mesmo que asegurou que era tan imposible coñecer o tempo das orixes como adiviñar o futuro— o primeiro autor que artellou unha hipótese sobre a procedencia da primeira poboación de Galiza que era parcialmente autónoma a respecto das xenealoxías noádicas e do relato bíblico. Foi no seu *Discurso Apologético*, escrito en 1770, onde el especulou verbo da chegada ás terras galaicas dos primeiros poboadores procedentes de Mesopotamia, Exipto e o norte de África, conducidos por Hércules exipcio. Neste caso o material a partir do cal se podía fabricar un relato acerca das orixes era unha combinación da lenda de Hércules con testemuños lingüísticos e etnográficos (fol. 377r-379r).

A deconstrución dos relatos de orixe herdados do século XVII levada a cabo por algúns anticuarios tivo como consecuencia o cuestionamento momentáneo da imaxe idealizada dos devanceiros. A tese da ascendencia noádica aínda se mantivo no XVIII, pero a poboación galega orixinal perdeu as distincións que se lle concederan no XVII. Xa non tiña un antepasado particular, e normalmente coidábase que o poboamento do país se realizara dende outras partes da península, ou incluso, como mantiña Cornide, que Galiza fora unha das últimas rexións en ser habitadas. A visión positiva dos aborixes galaicos ficaba suspendida unha vez que os anticuarios evitaban especular sobre a súa existencia, ou cando desaparecían os motivos habituais do monoteísmo patriarcal e da antiga monarquía galega. E dado que non se ofrecía ningún dato da vida e do carácter dos primeiros galegos, facíase difícil afirmar unha continuidade entre estes e a poboación actual.

Só Pascasio Seguín mantivo en plena vixencia algunhas das lendas de orixe do XVII (Noé, Gomer, Tubal, relixión patriarcal, reis propios) e as ideas-forza de antigüidade, *primitivismo* e continuidade que as animaran. Seguín incluso desenvolveu creativamente o discurso apoloxético sobre a primacía do reino de Galiza, que estaba baseado na idealización das orixes. Para iso tirou partido de ideas xa presentes na centuria precedente —esencialismo, Galiza como primeiro reino de España e terra favorecida pola divindade no contexto dunha historia providen-

⁹ Esta opinión repetíase dúas veces no volume cuarto da monumental *Obra de 660 pliegos* (fol. 5100r-5146v).

cial— pero levándoas até extremos daquela descoñecidos, ao incidir en aspectos milenaristas e escatolóxicos que amosaban o chan galaico como unha terra privilexiada nos acontecementos que terían lugar na fin dos tempos.

Durante o século XVIII o discurso apoloxético a prol de Galiza continuou funcionando na historiografía, se ben de xeito máis devecido, dado que algunhas das causas que o activaran con anterioridade foran perdendo forza e actualidade (BARREIRO FERNÁNDEZ, 1988). Aínda así, a tradición xacobeá e o Voto de Santiago seguiron a ser cuestións polémicas. De aí que a súa defensa implicase a miúdo realizar unha apoloxía de Galiza resaltando os aspectos relixiosos (REY CASTELAO, 1985). Pero exceptuando a Seguín, quen vencellou expresamente o tempo das orixes coa idealización do reino e coa relixión, os argumentos apoloxéticos non tiveron en conta os relatos de orixe, a diferenza do que acontecera no XVII.

Un bo exemplo disto dexergábase nos *Anales* de Huerta Vega. Alí, nas primeiras páxinas do segundo volume, atopábase unha enumeración das «glo-rias» de Galiza na que destacaban as de carácter relixioso nun lugar preferente: reino primoxénito da Igrexa; lugar de predicación do apóstolo Santiago; primeiro reino cristián do mundo; terra de mártires e de santos; defensor da relixión contra infieis e herexes. Tamén había sitio para as virtudes de carácter civil, como a valentía dos galegos ou a nobreza ilustre da que derivaban tantas familias nobres españolas. Mais esta apoloxía non se apoiaba nunha idealización dos devanceiros nin na suposta continuidade das virtudes primordiais, xa que Huerta renunciara no comezo da súa obra a falar da historia primitiva e dos primeiros poboadores.

Xa que logo, as dúbidas e o escepticismo verbo do tempo das orixes que foron característicos do século XVIII tiveron como resultado que aquel perdesse a relación coas intencións apoloxéticas da historiografía.

4. SÉCULO XIX: A RECUPERACIÓN DO TEMPO DAS ORIXES

No século XIX a cuestión das orixes ocupou na historiografía galega unha posición máis relevante ca en épocas precedentes. Por unha banda o discurso acerca das orixes fíxose máis amplo, completo e sistemático, superando así os relatos fragmentarios das dúas centurias anteriores. Neste sentido hai que salientar que algunhas monografía históricas estiveron consagradas total ou parcialmente ao tempo das orixes: dende a *Historia de Galicia* de José Verea Aguiar (1838), até a *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia* de José Villaamil Castro (1873), ou a terceira edición dos *Estudios sobre la época céltica en Galicia* de Leandro Saralegui (1894). Por outra banda ese discurso trascendeu amplamente a súa funcionalidade historiográfica de explicar os primeiros tempos do pasado galego, para se converter non só nun importante argumento apoloxético —como xa o fora no século XVII— senón tamén nunha peza esencial na

construción dunha nova identidade galega baseada en gran parte nun imaxinario étnico derivado do celtismo.

Os relatos sobre as orixes presentes na Galiza decimonónica amosaron diferenzas considerábeis a respecto dos seus predecesores. Por exemplo desapareceron algúns dos seus protagonistas habituais, aínda que non completamente, e reveláronse outros novos, xa fosen os celtas ou os primitivos poboadores pre-célticos. Igualmente foron moi distintas as concepcións históricas e as referencias eruditas que inspiraron a uns e a outros. Mais ao mesmo tempo é importante sinalar a existencia de coincidencias salientábeis entre as lendas do XVII e as opinións mantidas no século XIX. Sen dúbida a máis relevante desas coincidencias foi a permanencia na historiografía decimonónica das tres ideas-forza de antigüidade, *primitivismo* e continuidade, por máis que estas foron expresadas de maneira diferente debido ao contexto distinto no que se inseriron.

Durante o XIX a concepción e o estudo das orixes experimentaron en Europa grandes transformacións. As achegas combinadas da arqueoloxía, da antropoloxía e da lingüística, tiveron como resultado a paseniña superación das referencias bíblicas á hora de pensar a historia primitiva da humanidade, así como a considerábel ampliación do marco cronolóxico no que esta se insería. En substitución dos descendentes de Noé o pasado máis recuado foi habitado por diversas xentes e culturas prehistóricas. As novas clasificacións lingüísticas e antropolóxicas impuxéronse no lugar que antes ocupaba o parentesco imaxinado entre as distintas liñaxes noádicas. Ademais o xurdimento de ideoloxías nacionalistas e a reivindicación das culturas particulares fomentaron o interese polo tempo das orixes, nun esforzo por lexitimar o presente tendo como referencia o pasado. Todos estes procesos é preciso telos en conta cando se analice o discurso das orixes na Galiza decimonónica.

En liñas xerais este discurso presentou tres variantes principais, as cales dependeron de factores como o estado dos coñecementos históricos en cada momento, ou das influencias eruditas e das preferencias de cada autor. A primeira das variantes caracterizábase polo recurso ás xenealoxías noádicas como teoría explicativa sobre os primeiros poboadores de Galiza. Se ben esta permanencia dos antepasados bíblicos foi algo habitual entre os autores da primeira metade do XIX, é dicir, antes da xeralización das investigacións arqueolóxicas e antropolóxicas, cómpre recoñecer que se mantivo tamén até os derradeiros anos da centuria, aínda que nunha posición cada vez máis marxinal, limitada a certa historiografía local ou a autores de ideoloxía máis conservadora.

Curiosamente debe constatar-se unha relativa recuperación do personaxe de Gomer, esquecido durante o XVIII pero recollido por algúns escritores decimonónicos. Foi o caso de Leopoldo Martínez Padín, responsábel dunha *Historia política, relixiosa y descriptiva de Galicia* (1849), así como doutros autores que seguiron as vellas teorías acerca do paralelismo entre o nome de Gomer e certos topónimos galegos (Jacobo Araúxo, José Montero Aróstegui, Antonio de la Iglesia). Con menor frecuencia Tubal ocupou o lugar reservado a Gomer, por exemplo na obra

Memorias de Galicia (1856) de Antonio Martínez, ou no traballo de Florencio Vaamonde *Arqueología drúidica* (1887).

Tamén hai que facer mención da conversión do antigo personaxe de Brigo, herdado de Annio de Viterbo, nun devanceiro noádico, emparentado con Tubal e con outros descendentes de Noé. Esta transformación tivo lugar primeiramente no volume inicial da *Historia de Galicia* de Benito Vicetto (1865), atopándose posteriormente en autores influenciados pola popular obra de Vicetto, como Manuel Martínez Santiso na súa *Historia de la ciudad de Betanzos* (1892).

A segunda variante do discurso das orixes presentaba os celtas como os primeiros poboadores de Galiza, xa se lles asignase ou non unha ascendencia noádica. Foi José Vereá Aguiar o primeiro en defender esta posibilidade, inspirado polo crecente interese nos celtas que se viña manifestando na erudición europea dende o XVIII. Seguindo a Vereá foron moitos os que aceptaron esa teoría sobre as orixes, mesmo despois de que o progreso dos estudos arqueolóxicos demostrase sobexamente que Europa estivera poboadada por diversas xentes e culturas moi anteriores aos celtas.

O recurso aos celtas como primeiros poboadores do país foi por entón unha maneira eficaz de explicar a xénese particular do pobo galego e de demostrar a súa continuidade a través da historia. En xeral aqueles que optaron por esta explicación das orixes mantiveron opinións a respecto dos celtas que foron pouco coincidentes cos avances contemporáneos realizados no eido da arqueoloxía e da lingüística, os cales tendían a caracterizar os celtas como un pobo pertencente á familia indo-europea e a localizalos cronolóxicamente e culturalmente en períodos moi concretos da protohistoria europea. Pero o celtismo de Vicetto, Martínez Santiso ou Florencio Vaamonde resultou ser algo moi diferente ao non ter en conta as novas teorías sobre os celtas.

Por último a terceira variante incidía igualmente na presenza dos celtas en Galiza, mais afirmaba tamén a existencia dunha poboación anterior que serían os primeiros habitantes do territorio galaico. Porén as opinións diverxían no intre de caracterizar os aborixes galegos. Os valedores dunha postura máis tradicional optaron por convertelos nos descendentes directos dun devanceiro noádico, Gomer ou Tubal. Así aparecían nos escritos de Leopoldo Martínez Padín, de Jacobo Araújo ou de Antonio Martínez. En troques outros autores da segunda metade do século imaxinaron os primeiros poboadores de Galiza como xentes prehistóricas de existencia moi primitiva, que moraban en covas, vivían da caza e utilizaban soamente instrumentos de pedra e óso. Compartiron esta opinión unha serie de escritores familiarizados coas teorías contemporáneas da arqueoloxía e da antropoloxía, que en parte aplicaron ao pasado galego: Fernando Fulgosio, Manuel Murguía, José Villaamil Castro, Leandro Saralegui e Federico Maciñeira.

Mais o certo é que os partidarios dunha e doutra opción consideraron que os galegos descendían dos celtas e non da poboación anterior a eles. Como consecuencia disto os poboadores pre-célticos, noádicos ou prehistóricos, moi

raramente se tiveron en conta cando se ideou o devir histórico do país. Por primeira vez na historiografía os habitantes orixinais deixaban de ser os devanceiros da poboación actual, a cal descendía en troques dun poboamento celta posterior. Creábase así no tempo das orixes unha novidosa discontinuidade entre os aborixes e os devanceiros.

Independentemente de cal fose a variante elexida do relato das orixes, este artellouse sempre ao redor dos conceptos de antigüidade, *primitivismo* e continuidade, que xa existían na historiografía galega dende o século XVII. Sen dúbida a permanencia destas tres ideas-forza explícase porque grazas a elas se ofrecía unha imaxe moi positiva dos devanceiros e da poboación galega actual.

A cuestión da antigüidade estivo sempre presente, pois todos coincidían en que Galiza estivera habitada dende unha época moi recuada. Xa a comezos da centuria José Verea Aguiar sostivo expresamente que a antigüidade dunha nación era unha das características que probaban a súa grandeza. E el quixo demostrar na súa *Historia* que isto era algo que se axeitaba perfectamente a Galiza (pp. 1-15).

Pero o tema foi tratado de maneiras diferentes. Aqueles que se mantiveron dentro do limitado marco cronolóxico fornecido pola historia bíblica situaron a chegada dos primeiros poboadores de Galiza pouco despois daqueles acontecementos que provocaran a división e o espaxamento da humanidade. Martínez Padín dicía que Galiza fora habitada poucos anos após o episodio de Babel (pp. 225-226). Vicetto fixaba o poboamento orixinal despois do Diluvio, máis de dous mil anos antes da era cristiá, se ben admitía que outras terras de España foran poboadas antes por Tubal (pp. 6-10). Pola contra Antonio Martínez aínda repetía a opinión de que o territorio galego fora a primeira rexión da península que Tubal habitara logo do Diluvio (pp. 1-2).

Ningún destes autores aproveitou o argumento da antigüidade para defender a primacía de Galiza sobre o resto de España, ou ben para afirmar como noutrora que Galiza era a «cabeza» do mundo. Pero si que lles serviu para avanzar unha teoría que outorgaba a Galiza a primacía no debate sobre a orixe dos celtas. Logo de negar que os celtas procedesen de Francia ou doutras rexións europeas, Verea, Padín e Vicetto insistiron en que os celtas tiñan o seu berce na terra galega, dende onde se espallaran máis tarde cara a outros lugares, levando a súa civilización a Francia ou ás illas británicas. Así Galiza podía reivindicar para si propia a honra de ser «nai» doutras nacións, idea que xa se atopaba na historiografía apoloxética do XVII.

A partir da segunda metade do XIX a superación da cronoloxía bíblica e a aceptación dunha época prehistórica moi antiga como primeira etapa da historia humana abriron tamén novas posibilidades para concibir o pasado galaico. Fernando Fulgosio, Manuel Murguía e Leandro Saralegui non dubidaron en afirmar que antes dos celtas Galiza estivera ocupada por xentes prehistóricas dunha grande antigüidade, difícil de determinar con exactitude pero moi superior a todos os cálculos anteriores cinguidos ás xenealoxías noádicas. Mais esta

opinión tivo un impacto moito menor do que se podería agardar, xa que ao mesmo tempo se pensou que os habitantes prehistóricos non tiñan nada que ver coa poboación galega de ascendencia céltica e que por iso non pertencían á súa historia. Consumada a ruptura entre os aborixes prehistóricos e os devanceiros celtas, as datas asignadas ao principiar da historia galega foron moito máis reducidas, pois en xeral afirmouse que os celtas entraran en Galiza entre os anos 2000 e 1500 antes de Cristo. Curiosamente esta datación resultou máis curta ca aquelas avanzadas por Atanasio Lobera e polos irmáns Boán no século XVII.

Polo tanto o desdoblamento do tempo das orixes realizado como consecuencia da escisión entre aborixes e devanceiros tivo un efecto paradoxal. Por unha banda permitiu a ampliación dos límites cronolóxicos, coa engádegas dun período prehistórico. Mais pola outra a historia dos galegos foi allea a ese tempo anterior aos devanceiros celtas. Neste caso o argumento da antigüidade foi minimizado en beneficio da tese do exclusivismo celta de Galiza.

As novas concepcións históricas tamén afectaron á visión *primitivista* das orixes, aínda que as opinións verbo dos primeiros galegos foron maioritariamente favorábeis. Os escritores da primeira metade da centuria que converteron os celtas nos devanceiros dos galegos tamén destacaron como trazo principal que os celtas posuíran unha civilización superior, nomeadamente no relativo á sabedoría, a moralidade e a relixión.

Todos eles salientaron o protagonismo dos druídas, sacerdotes e filósofos, e compartiron a idea de que os celtas galegos practicasen unha relixión pura, sen pegadas de politeísmo nin de idolatrías. Ademais vivían en cidades, practicaban a agricultura e mailo comercio, usaban a escritura e cultivaban as ciencias e as artes. En troques do goberno monárquico que os anticuarios do XVII asignaron aos primeiros galegos, os celtistas do XIX preferiron imaxinalos organizados de xeito federal, distribuídos en tribos ou en cidades autónomas unidas fraternalmente entre si. Pola súa vez Benito Vicetto escolleu adoptar un *primitivismo* «duro» segundo o cal os aborixes celtas se representaron como un pobo natural que levaba unha existencia sinxela e pura e estaba gobernado por patriarcas xustos e sabios.

Durante a segunda metade do século a aceptación dunha poboación prehistórica anterior aos celtas implicou a introdución no tempo das orixes de elementos habituais do discurso *anti-primitivista*, como eran o atraso cultural e a existencia semi-salvaxe dos primeiros poboadores. Eses elementos estaban claramente presentes nas *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia* de José Villaamil Castro, onde se reconstruíu a vida das xentes prehistóricas a partir de achados arqueolóxicos e coa inspiración fornecida polas teorías da época (pp. 1-25). Pola súa vez Fernando Fulgosio e Manuel Murguía expresaron un xuízo abertamente negativo verbo da poboación pre-céltica, que imaxinaron como xentes dunha raza inferior desaparecida posteriormente tras a chegada dos celtas. Desta maneira insístíase en que os habitantes prehistóricos do país eran alleos á historia dos galegos que comezaba cos celtas.

En ocasións os elementos *anti-primitivistas* chegaron mesmo a se integrar na representación da sociedade celto-galaica. Na primeira edición dos *Estudios sobre la época céltica en Galicia* (1867) de Leandro Saralegui, onde se afirmaba que os celtas eran os primeiros poboadores de Galiza, estes aparecían como xentes guerreiras e cazadoras que nun principio empregaron soamente armas fabricadas de pedra (pp. 150-156). Igualmente Manuel Murguía imaxinou ás veces os celtas habitando en covas e usando os mesmos instrumentos de pedra que os arqueólogos atoparían despois nas cavernas ou no interior das mámoas. Porén tanto Murguía como Saralegui combinaban estas ideas con opinións aparentemente contraditorias acerca da avanzada civilización dos celtas galegos.

Existía a posibilidade de atribuír a mellora progresiva da civilización dos celtas á influencia beneficiosa de pobos estranxeiros máis avanzados, como os fenicios e os gregos, que instalaran as súas colonias en terras galegas durante a Antigüidade. Esta era unha opinión compartida por Vicetto, Saralegui e outros autores. Mais Murguía insistiu en relativizar as achegas dos estranxeiros e en salientar a capacidade dos celtas para progresar culturalmente por si propios (*Historia de Galicia* II, pp. 35-45).

A terceira idea-forza presente nos relatos de orixe, a continuidade, implicaba un argumento a prol da conservación dos trazos peculiares dos devanceiros celtas na poboación actual. Esa continuidade pensábase que abrangía tanto características culturais (crenzas, costumes, institucións) como caracteres físicos e psicolóxicos (riscos faciais, capacidades, aptitudes). Elementos da cultura popular galega, como a vestimenta, a música ou as crenzas sobrenaturais, foron considerados entón supervivencias dun pasado céltico e ás veces empregáronse para estudar ese pasado. Os trazos do carácter celta supostamente conservados polos galegos eran, consonte os escritores decimonónicos, a valentía, a intelixencia e a relixiosidade, é dicir, as mesmas virtudes que a historiografía do XVII asignara aos primeiros galegos e aos seus descendentes. Ademais Murguía e Saralegui explicaron que os galegos eran un pobo dotado para a literatura e as artes, e para toda caste de actividade intelectual e creativa, grazas á sensibilidade e á imaxinación que eran propias dos celtas.

Sen dúbida a máis importante reformulación da idea de continuidade efectuada no século XIX tivo que ver coa introdución do factor racial na definición da identidade galega. Dado que os celtas foron imaxinados como unha raza posuídora dunhas peculiaridades físicas e psicolóxicas colectivas e permanentes, e dado que os galegos se converteron en membros desa raza celta, polo tanto o elemento esencialista presente na idea de continuidade recibiu unha excelente xustificación. Porque era a permanencia da raza celta o que garantía que as súas singularidades se mantivesen no pasado, no presente e no futuro. Desta maneira o pobo galego adquiriría unha identidade étnica de seu, que ademais estaba apoiada nos fenómenos «naturais» da raza e da transmisión da herdanza racial (PEREIRA GONZÁLEZ, 2001: 240-312).

Hai que insistir en que a continuidade só se imaxinou entre os celtas e os galegos actuais. A poboación pre-céltica ficaba fóra desa xenealoxía, malia seren os primeiros habitantes do país. Certamente houbo autores que non aceptaron para os galegos unha ascendencia exclusivamente celta. Benito Vicetto, por exemplo, coidaba que o xeito de ser do pobo galego era unha combinación resultante da mestura dos celtas con fenicios, gregos, romanos e suevos (*Historia de Galicia* III, pp. 132, 139). Pola contra Murguía e Saralegui preferiron defender un exclusivismo celto-ario para dar conta da identidade étnica dos galegos. Aínda que eles non negaron a presenza en Galiza dos fenicios, dos gregos e dos romanos, o seu parecer foi que os celtas conservaron puros os caracteres da súa raza, e que por ese motivo os transmitiron intactos aos seus descendentes.

Ademais a continuidade racial era, para Murguía, un feito moi positivo, xa que el pensaba que os celtas eran unha raza superior pertencente á familia aria. Polo tanto os galegos, sendo celtas e arios, debían de ser considerados como un pobo superior e diferente a respecto doutras xentes peninsulares, en especial dos habitantes do sur de España, entre os que predominaba o sangue oriental e semita a causa dos seus antepasados fenicios e árabes. A oposición racial que Murguía inventaba entre os galegos celtas —masculinos, fortes e de cultura progresiva— e as xentes meridionais semitizadas —afeminadas, febles e pasivas— non deixaba de ser unha derivación, adaptada en termos raciais segundo as esixencias da época, do imaxinario existente na historiografía hispánica dende o século XVI acerca do contraste entre o norte e o sur de España. Neste caso a oposición entre as dúas zonas, que noutrora servira para distinguir os cristiáns vellos dos «conversos», era utilizada por Murguía para reforzar a identidade propia e positiva dos galegos.

Como remate deste apartado cómpre avaliar brevemente cal foi a funcionalidade dos relatos sobre o tempo das orixes nos escritores decimonónicos. En xeral pódese dicir que cumpriron unha dobre función: apoloxética e diferenciadora. Mais convén salientar que as orixes só atinxían aos devanceiros celtas, xa que, como se dixo, a primeira poboación pre-céltica era allea á historia dos galegos.

A pesar de que motivacións como a gabanza da nobreza ou a defensa da tradición xacobeá, que noutrora mobilizaran o discurso apoloxético na historiografía galega, xa non estaban activas no século XIX, continuou existindo entón un sentimento xeralizado sobre a necesidade de seguir mantendo unha visión positiva e reivindicadora dos galegos e da súa historia. As causas que explicaban este sentimento foron varias.

Algúns concibiron o seu labor de historiadores como unha maneira de contrarrestar as aldraxes que certos escritores foráneos cometeran contra Galiza. Por exemplo José Vereá Aguiar afirmou claramente que a súa *Historia de Galicia* estaba destinada a ser unha defensa de Galiza e de toda a España setentrional contra as opinións negativas expresadas por algúns historiadores españois, como Mariana ou Masdeu, quen falaran delas como terras bárbaras e atrasadas (p. 270).

Pero alén destas polémicas historiográficas puntuais, dexergábeis tamén noutros autores, as motivacións tenderon a ser máis fondas e de carácter máis xeral. Por unha banda existía a convición de que Galiza ocupaba unha inmerecida posición secundaria dentro de España, o que ás veces levaba a denunciar abertamente a súa marxinação por parte do poder político. A isto hai que engadir ademais o crecente empeoramento económico do país ao longo do século. Como consecuencia desta situación impúxose a necesidade de amosar que o pasado galego fora moi diferente, demostrándose así que as condicións presentes non se debían a ningún defecto ou carencia innatos da poboación galega, senón a causas conxunturais e modificábeis. Por outra banda as prácticas centralizadoras e uniformizadoras proxectadas polo estado liberal español explican que como reacción xurdise entre algúns grupos de intelectuais unha vontade de reivindicación da historia e dos trazos particulares de Galiza, que se manifestou nas motivacións patrióticas que inspiraron unha boa parte da produción historiográfica decimonónica redixida por aqueles.

A suma de todos estes factores contribuíu a que o discurso histórico galego conservase unha fasquía apoloxética adaptada ás novas situacións e expresada a través de novos argumentos.

Neste sentido os relatos sobre as orixes cumpriron ben a súa función, demostrando que Galiza estivera habitada dende antigo por unha poboación celta de civilización avanzada; amosando que os celtas galaicos ocuparan outras terras e deran comezo a novas nacionalidades; e mantendo que as virtudes dos devanceiros celtas se conservaban aínda entre os galegos actuais. Se noutras épocas existira a ambición de presentar a Galiza como a «cabeza» do mundo e de darlle un lugar preferencial nos designios da Providencia; agora, no contexto dunha época secularizada e marcada pola idea de progreso, importaba en troques revelar o carácter progresivo da raza e da civilización dos celtas, e por extensión dos seus descendentes.

A este respecto resulta significativo que Manuel Murguía insistise no compoñente racial ario dos celtas galaicos, pois con isto pretendía facer do pobo galego un membro da raza aria superior e situalo no viero do progreso, que compartía con outros pobos europeos. Sendo os galegos celtas eles reunían todas as virtudes adoito recoñecidas a esa raza —sensibilidade, imaxinación, relixiosidade— e a elas engadían ademais os valores asignados polo imaxinario europeo ás xentes arias: intelixencia, pragmatismo, dinamismo e acción civilizadora (PEREIRA GONZÁLEZ, 2001: 466-497).

Polo tanto as virtudes do pobo galego, así como a base potencial da súa rexeneración, manifestábanse xa no tempo das orixes, na poboación celta que ocupou o chan galaico e que puxera fin á presenza nel dunha raza prehistórica inferior.

A función diferenciadora asignada aos relatos de orixe foi unha novidade da historiografía decimonónica, e era a consecuencia dunha época na que tivo lugar o artellamento de ideoloxías nacionalistas e particularistas, algo que aconteceu

tamén en Galiza co provincialismo e co rexionalismo. No caso galego o recurso á ascendencia céltica garantiu a construción dunha identidade propia e dunha historia particular. Ademais o factor de continuidade que se lle supuxo á herdanza céltica, base esencial da nacionalidade galega, viuse grandemente reforzado polo esencialismo racial que postularon autores como Murguía e Saralegui.

Pódese dicir, xa que logo, que foi no tempo das orixes onde se procurou o principal elemento diferenciador —os celtas— que xustificaba e lexitimaba a existencia dunha identidade galega. Dende entón xa non abondou con caracterizar os galegos como xentes valentes, relixiosas e enxeñosas. En troques esas virtudes, que tamén se lles recoñeceron, foron consideradas trazos peculiares da raza celta. Non eran simplemente características positivas, senón que tamén eran testemuño dunha personalidade étnica conservada no decurso da historia.

Porén non todos os escritores decimonónicos valedores do celtismo usaron este cunha clara finalidade diferenciadora (BARREIRO FERNÁNDEZ, 1988: 56). Esa finalidade estaba ausente en Verea Aguiar, quen foi o primeiro en introducir na historiografía galega o protagonismo sobranceiro dos celtas. Na obra de Martínez Padín o centro de gravidade do celtismo xa se desprazara definitivamente cara á Galiza. Benito Vicetto utilizou o pasado celta como argumento diferenciador, aínda que non exclusivo da personalidade do país. Foi nas teses históricas de Murguía onde por primeira vez a identidade galega se concibiu en termos exclusivamente celtistas, e onde o celtismo se empregou como argumento político no contexto dunha ideoloxía rexionalista que reclamaba a descentralización do Estado e o auto-goberno de Galiza. Como consecuencia disto nos escritos de Murguía o relato das orixes xustificaba plenamente a personalidade diferencial do pobo galego, sobre todo a respecto daquelas rexións do sur de España que el coidaba habitadas por unha raza inferior.

Os trazos característicos do celtismo murguián apareceron tamén noutros autores contemporáneos, aínda que non sempre coa mesma énfase no factor racial. Posteriormente serían adoptados e reformulados polo nacionalismo galego de comezos do século XX, sobre todo na versión de Vicente Risco. Pero é preciso insistir en que o celtismo non adoptou necesariamente esa funcionalidade ideolóxica diferenciadora. De feito a historiografía española decimonónica recoñeceu igualmente a Galiza unha ascendencia céltica, mais sen querer con iso xustificar teses particularistas. Soamente un pequeno número de autores reaccionaron, dentro e fóra de Galiza, contra as pretensións de usar a imaxinada orixe celta dos galegos como un argumento en contra, supostamente, da unidade de España.

Ao focalizarse nos celtas os relatos de orixe Galiza obtiña unha historia e unha identidade de seu, as dúas concibidas ademais en termos positivos. De aí que a recuperación do tempo das orixes fose tan importante para a historiografía decimonónica. E isto explica tamén que esa recuperación sobordase o marco estritamente historiográfico para atinxir o discurso político, a literatura e o imaxinario colectivo da Galiza contemporánea.

5. FINAL

Dende o século XVII até o XIX os relatos sobre as orixes experimentaron importantes transformacións, cambiando os seus protagonistas e así mesmo as concepcións históricas que os sustentaban. Foron desaparecendo paseniño as xenealoxías bíblicas, mais non totalmente; introduciuse o concepto de época prehistórica; fíxose intervir a información arqueolóxica, a antropoloxía e mailla lingüística; e o papel de devanceiros pasou a ser personificado exclusivamente polos celtas, creándose así unha discontinuidade entre eles e a poboación aborixe prehistórica.

Porén resulta moi significativo o feito de que, malia todas esas transformacións, os diferentes relatos de orixe existentes durante o período cronolóxico abranguido neste estudo estivesen inspirados todos eles polas mesmas ideas-forza de antigüidade, *primitivismo* e continuidade. Isto debeuse a que a intencionalidade apoloxética que os animaba, aínda que foi diferentemente motivada dun século a outro, estivo moi ben apoiada por elas.

Tanto no XVII como no XIX a antigüidade dos devanceiros foi un factor moi valorado polo prestixio que confería á súa posteridade, que desta maneira podía reivindicar os títulos de primacía ou de autenticidade. Igualmente sempre se considerou necesario ofrecer unha imaxe moi positiva dos devanceiros, quer fosen estes da liñaxe de Noé, Tubal ou Gomer, quer se tratase dos celtas de raza aria. Por suposto que na derradeira esa valoración positiva debía de recaer tamén sobre os descendentes deles, algo que era moi necesario no caso galego para contrarrestar opinións negativas, ou ben para ofrecer a imaxe dun pasado glorioso que puidese compensar as penalidades do presente. Finalmente o factor de continuidade garantía que as virtudes descubertas nos antepasados se conservasen intactas na poboación actual, e asemade demostraba que as características positivas desta eran permanentes e sólidas, xa que se atopaban presentes dende os primeiros tempos da historia do país.

Pero no século XIX os relatos de orixe adquiriron unha fasquía particular coa introdución dun factor étnico ben definido, algo que estivera ausente nas dúas centurias precedentes. Nos séculos XVII e XVIII os primeiros poboadores foron cualificados simplemente de «galegos», sen que se pretendese procurarlles unha liñaxe étnica peculiar, a pesar de que consonte a antropoloxía bíblica se pensaba que a posteridade de Noé proviña do Próximo Oriente, onde se achaba o berce da humanidade. Mais en xeral os anticuarios desa época non tentaron descubrir trazos orientais na lingua ou no carácter dos primeiros galegos. O principal trazo caracterizador destes, o monoteísmo patriarcal, non se concibiu como unha relixión oriental senón como unha crenza universal revelada pola divindade e que acubillaba os xermolos do cristianismo. Polo demais a ausencia dese factor étnico nos relatos de orixe coincidía coa limitada importancia e coa ambigüidade que a etnicidade galega presentaba para a mentalidade da época moderna (BERAMENDI, 1997: 282-287).

Pola contra no XIX a caracterización étnica dos devanceiros galegos estivo clara para todos: eran celtas. Ademais esta idea foi gañando en concrección a medida que avanzaba o século, até que os celtas galegos acadaron a categoría de seren unha raza cuns trazos físicos, psicolóxicos e culturais ben delimitados e permanentes. E esta caracterización non só se aplicou aos antepasados senón que tamén se fixo extensiva á poboación actual, de acordo cos presupostos de continuidade e de esencialismo que eran propios do relato das orixes. A conversión dos devanceiros en celtas e a posterior conversión dos celtas nun grupo racial reforzaron de xeito considerábel o elemento esencialista que dende un comezo estivera presente na representación das orixes. Ao mesmo tempo a reafirmación e revalorización da etnicidade galega diferenciada, para o cal o discurso celtista tivo tanto protagonismo, adquiriu unha crecente importancia ao longo do século (BERAMENDI, 1997: 288-289).

Por último hai que dicir que durante o XIX o coñecemento dos relatos de orixe sobordou o reducido círculo de anticuarios ao que estivera limitado con anterioridade, para ser asimilado gradualmente por grupos máis amplos da poboación galega grazas a diferentes estratexias de popularización, nomeadamente a través da prensa e da literatura. Sen dúbida isto foi unha novidade de grande importancia, porque desta maneira ficaba reforzada a efectividade das mensaxes transmitidas por eses relatos.

BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1988): «A Historia da Historia. Aproximación a unha historiografía galega (séculos XVI a XIX)» en CASTRO, X. e J. de JUANA (eds.), *IV Xornadas de Historia de Galicia. Historiografía Galega*. Ourense. Deputación Provincial de Ourense; pp. 17-78.
- BERAMENDI, J. G. (1997): «Conciencia étnica e consciencias nacionais en Galicia» en PEREIRA-MENAUT, G. (coord.), *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. Historia*. Santiago de Compostela. Museo do Pobo Galego; pp. 276-300.
- CARAMÉS MARTÍNEZ, X. (1993): *A imaxe de Galicia e dos galegos na literatura castelá*. Vigo. Galaxia.
- EIRAS ROEL, A. (1999): «Discurso de investidura do Profesor Antonio Eiras Roel como Cronista Xeral de Galicia» en *Acto de nomeamento do Profesor Antonio Eiras Roel como Cronista Xeral de Galicia*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia; pp. 11-37.
- ELÍAS DE TEJADA, F. (1966): «La Historiografía Barroca en Galicia», *Grial* 12; pp. 155-177.
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. (2001): *Raza e alteridade. A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*. A Coruña. Deputación Provincial da Coruña.
- REY CASTELAO, O. (1985): *La historiografía del Voto de Santiago. Recopilación de una polémica histórica*. Santiago de Compostela. Universidade de Santiago de Compostela.
- (2003): *Libros y lectura en Galicia. Siglos XVI-XIX*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- REYNOLDS, S. (1983): «Medieval *Origines Gentium* and the Community of the Realm», *History* 68, 224; pp. 375-390.
- WULFF, F. (2003): *Las esencias patrias. Historiografía e historia antiga en la construción de la identidade española (siglos XVI-XX)*. Barcelona. Crítica.